

Dous novos remates de torques castrexos

LOIS LADRA*

Sumario

Preséntase o estudo preliminar de dous terminais inéditos, correspondentes a outros tantos torques castrexos, actualmente depositados no Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga. Como adoita acontecer con moitos dos torques áureos da Segunda Idade do Ferro do Noroeste, as aparencias formais e materiais externas agochan unha realidade estrutural interna ben diferente, inzada de sorpresas.

Abstract

A preliminary report on two gold torque terminals is presented. Their material, formal and technological aspects are studied, trying to establish some remarks about their economic significance. As it often happens, what we think we are looking at is not really what it seems... or what it was.

INTRODUCCIÓN

O Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) custodia desde o ano 2001 un depósito xudicial formado por máis de oitocentas pezas de diversa cronoloxía e natureza, entre as que se atopan dous terminais correspondentes a outros tantos torques de ouro. Infelizmente, nada sabemos con certeza absoluta sobre a súa localización exacta de procedencia nen sobre o seu contexto deposicional de orixe. Porén, tomando en consideración o interese arqueolóxico e a información tecnolóxica, económica e material que estes fragmentos poden fornecer de cara a unha mellor comprensión dos procesos de produción que interviron na elaboración de algúns torques da denominada *ourivaría castrexa*, estimamos oportuno dar a coñecer estes materiais inéditos e tecer algunhas consideracións verbo dos mesmos.

En relación co depósito convén salientar que está conformado por tres lotes diferentes, a saber: *D. X. Lugo* (521 elementos), *D. X. Rodeiro* (311 pezas) e *D. X. Pontevedra* (22 obxectos), nomenclaturas en función das cauais se inventariou cada unha das pezas que o integran con unha sigla correlativa provisional. A nivel administrativo, este depósito xerou un total de 594 fichas de inventario correspondentes a 854 elementos singulares. Os dous terminais obxecto do estudo que agora apresentamos amosan os números de inventario LU-23 (remate en dupla escocia) e RO-91 (remate piriforme).

Lois Ladra é arqueólogo e antropólogo. Licenciado con Grao en Xeografía e Historia (Prehistoria-Etnoloxía) pola Univ. Complutense. Diplomado en Estudos Avanzados de Arqueoloxía pola Univ. de Santiago. Mestre en Arqueoloxía pola Univ. do Porto. Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural pola UNED. E-mail: loisladra@gmail.com



Os dous novos terminais depositados no Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga.

TERMINAL DUPLOESCÓCICO

O remate LU-23 corresponde a un terminal dos denominados tradicionalmente *duploescócicos* ou con forma de *dobre escocia*. Presenta unhas dimensións máximas de 41 mm. de altura e 34 mm. de diámetro central, con un peso total de 113,57 gramos. O seu estado de conservación actual é bastante bon, se ben cómpre destacar o feito de que amosa uns pequenos desprendementos laminares na escocia distal que foron pegados de xeito pouco coidadoso con un material tipo cola. Por outra banda, no disco proximal da embocadura aínda se poden apreciar con claridade as improntas de un labor de martelado, que deixou dúas pegadas moi marcadas, xustapostas e inmediatas ao reborde perimetral do terminal. O disco exterior



Perfil xeral do remate LU-23.

carece de decoración, observándose nel apenas algunhas rabuñadelas superficiais. Amais disto, consonte aparece reflectido na ficha de inventario do museo, esta peza foi sometida no ano 2001 a un proceso de conservación consistente na aplicación de unha capa protectora de cera microcristalina disolta en augarrás.

A nivel formal, este terminal amósase como unha peza conformada por cinco elementos diferentes unidos entre si: unha ánima interior maciza e seguramente metálica, aínda que de natureza descoñecida, dúas escocias de feitío laminar, con marcado eixo de rotación e dous discos planos non decorados. Esta estruturación dos elementos laminares en catro partes claramente diferenciadas adoita ser algo bastante frecuente nos remates duploescócicos de outros torques (García e Montero, 2007: 101). As medidas básicas dos mesmos no terminal LU-23, seguindo unha orde descritiva desde a embocadura coa haste até ao exterior, son:

- Disco proximal de 23 mm. de diámetro e perforación cadrangular de 8,5 mm.;
- Escocia proximal de 19 mm. de altura e 34 mm. de diámetro na embocadura;
- Escocia distal de 22 mm. de altura e 34 mm. de diámetro na embocadura;
- Disco de peche exterior de 24 mm. de diámetro.

A presenza de unha marcada perforación na zona central da base deste remate permítenos asegurar que a sección da haste que iría encaixada e soldada a esta peza amosaría un feitío indiscutibelmente cadrangular, co cal a reconstrución formal completa do torque orixinal se manifesta como unha posibilidade con altos visos de certeza de cara á súa clasificación tipolóxica. En función das propostas máis frecuentemente manexadas, poderíamos dicir que o remate LU-23 correspondería a un torque tipo D2 de Silva (1986: 236); a un morfotipo E2a, prototípico do Grupo 3 de Pérez Outeiriño (1990: 145); a un tipo IV de Balseiro (2004: 47) ou a un tipo VI de Prieto (1996: 202). Sexa como for, concordamos plenamente cos investigadores que sinalan a existencia de unha excesiva e confusa proliferación de propostas para establecer a correcta clasificación formal dos torques castrexos, a cal, por outra banda, precisa unha urxente redefinición (Balseiro, 1999: 22; González Ruibal, 2006-07: 425).

TERMINAL PIRIFORME

O remate RO-91 corresponde a un terminal dos denominados tradicionalmente *piriformes* ou con forma de *periña*. Presenta unhas dimensións máximas de 21 mm. de altura e 18 mm. de diámetro, con un peso total de 8,61 gramos. Na zona onde iría unido ao aro ou corpo principal do torques amosa un corpo extraño incrustado na embocadura, bastante desfigurada. Aínda que sexa só de maneira hipotética e bastante insegura, cremos que este remate acollería unha haste de sección circular. No seu estado de conservación actual pódese cualificar como un elemento incompleto e bastante deteriorado, susceptible de ofrecer informacións de grande interese sobre o proceso orixinal de confección desta peza. O mesmo có terminal anterior, este remate tamén foi sometido a un proceso de conservación consistente na aplicación de unha capa protectora de cera microcristalina disolta en augarrás.

A grande novidade que presenta esta peza é o feito de amosar, no seu estado actual e de xeito simultáneo, varios pormenores que serán analisados no capítulo seguinte, a saber: unha embocadura de feitío tendencialmente subcircular, un pequeno corpo incrustado na base, unha miúda perforación circular pasante, un *goterón* ou *rebaba* exterior e unha parede laminar incompleta que permite apreciar lenemente o seu interior.



Perfil xeral do remate RO-91.

ALGUNHAS REFLEXIÓNS PALEOTECNOLÓXICAS


Os terminais LU-23 e RO-91 non foron sometidos, de momento, a ningún tipo de análise arqueométrica. Todas as observacións expostas neste traballo baséanse na manipulación e visualización macroocular directa destas pezas. Durante o proceso de estudo recorreuse á observación con lupa binocular das superficies exteriores e das zonas de unión dos seus elementos. Perante as diferentes posibilidades explicativas verbo dos procesos tecnolóxicos involucrados na confección orixinal destes remates, plantéase a necesidade de efectuar a curto prazo unha lectura topográfica con medios electrónicos axeitados que permitan confirmar ou desbotar as hipóteses que imos expor. Entendemos que só así estaremos en condicións de poder tecer consideracións paleotecnolóxicas con un maior grao de seguranza que a que imos expor neste traballo.

De calquer maneira, ofrecemos agora unha serie de hipóteses preliminares que deberán ser contrastadas analiticamente nun futuro próximo. Comezaremos por introducir selectivamente aqueles datos bibliográficos derivados de análíticas sobre pezas relacionadas até certo punto cos nosos terminais, para posteriormente plantear algunhas das posibilidades explicativas que deberán ser verificadas logo da realización das pertinentes análises.

Nestes últimos anos teñen proliferado diversas aportacións arqueometalúrxicas e paleotecnolóxicas verbo dos torques castrexos (cfr., entre outros, Armbruster e Perea, 2000; Alves et al., 2002; García, 2002; Soares et al., 2004; Martín et al., 2005; García e

Montero, 2007). Estas publicacións deben ser tidas en consideración polos datos arqueométricos que aportan para poder encetar unha eventual mellor comprensión das dúas novas pezas que acabamos de dar a coñecer.

Algúns investigadores teñen sinalado o feito de que os torques castrexos de terminais duploescócicos amosan unha marcada *variabilidade tecno-morfolóxica*, na que o feitío non está necesariamente asociado a un proceso de fabricación único, fixo ou predeterminado (Armbruster e Perea, 2000: 107). Porén, convén establecer unha primeira distinción entre os remates de estrutura laminar –isto é, ocos– e os de corpo macizo. Cuantitativamente dominan de xeito maioritario os primeiros, ficando englobados no segundo grupo pouco máis de media ducia de casos,




Detalle da embocadura proximal do remate LU-23.

dos máis de trinta exemplares actualmente coñecidos. Con moita frecuencia e bastante lóxica, a idea de elaborar un terminal oco ou con recheo interior dun metal non áureo asóciase a unha vontade consciente por parte do ourive de cara a aforrar unha materia prima preciosa e prezada como sería o ouro. A nivel tecnolóxico, os terminais macizos adoitan estar fabricados nunha soa peza, elaborada por vaciado en molde á cera perdida, mentres que os remates ocos soen conformarse pola unión varios elementos laminares de diferentes feitíos, unidos entre si (Armbruster e Perea, 2000: 101-102).

En opinión de algúns autores, todos os terminais duploescócicos macizos que presentan un oco para a fixación do aro foron elaborados por vaciado en molde á cera perdida (Armbruster e Perea, 2000: 102). Pola contra, a fabricación das chapas e das láminas que conforman os remates duploescócicos ocos faríase por martelado en frío sobre bigorna ou zafra con sucesivos e frecuentes recocidos do metal para facilitar a súa maleabilidade (Armbruster e Perea, 2000: 103). Se atendemos á primeira destas propostas, no caso do terminal LU-23 estaríamos perante un caso de elaboración artesanal baseado na aplicación do procedemento coñecido como vaciado en molde á cera perdida. Porén, aínda que non descartamos esta posibilidade para a ánima interior desta peza, en caso de confirmarse que o seu núcleo foi elaborado con un metal diferente ao das láminas exteriores, o vaciado en molde inicial teríase completado posteriormente con un chapado laminar que lle conferise a súa aparencia áurea actual.

As análises químicas multielementares non destrutivas (PIXE ou *Emisión de Raios X Inducida por Partículas Cargadas*) practicadas por unha equipa portuguesa sobre un torque de ouro da rexión flaviense con terminais morfotipoloxicamente moi semellantes ao exemplar LU-23 permitiron constatar o emprego de unha solda con punto de fusión aproximado de 850° C, a base de unha liga ternaria de ouro (60 %), prata (22 %) e cobre (18 %) na zona de unión dos remates coa haste ou corpo principal da peza. A materia prima que tería servido de base para a confección deste torque sería un ouro probabelmente nativo e de orixe aluvial (Alves et al., 2002: 125; Soares et al., 2004: 135-136), algo que, de momento, non podemos extrapolar á peza LU-23 até que se lle realicen as pertinentes análíticas.



Elementos laminares exteriores que conforman o remate LU-23.

Relativamente á confección dos terminais duploescócicos, as análises radiográficas recentemente practicadas a varios exemplares con estas características formais suxeren a execución de varias soldaduras seguindo unha orde temporal na que primeiro se uniría cada unha das escocias ao seu disco de peche, para posteriormente soldar ambas metades entre si pola zona perimetral ou de maior diámetro (Costea et al., 2005: 159).

Para alén das cuestións tecnolóxicas, convén non esquecer as implicacións de orde económica que se derivan do feito de que un remate deste tipo sexa oco ou macizo. Así, por exemplo, se comparamos o terminal LU-23 co remate da Colección Soto Cortés ou MAN 33.136 poderemos comprender moito mellor esta idea. Ambas pezas amosan unha morfoloxía e tamaño practicamente idénticos: LU-23 con 41 x 34 mm. vs. MAN 33.136 con 42 x 32 mm. Porén, o primeiro exemplar é macizo, con un peso de 113,57 gramos, mentres que o segundo é oco, pesando tan só 34,81 gramos (García, 2007: 107). En termos ponderais, os valores do primeiro triplican sobradamente aos do segundo, co cal, no caso de que a materia prima investida na elaboración de ambos fose exclusivamente o ouro, podemos comprobar claramente as consecuencias que se derivan de cada opción en termos de dispendio ou aforro de material. Para un só terminal de idénticas proporcións teríamos que reunir 78,76 gramos máis de materia prima se confeccionásemos unha peza maciza. Para os dous remates macizos que conformarían un torques completo as necesidades de materia prima ascenderían a 157,52 gramos máis que se fosen ocos, cantidade que, extrapolada aos valores coñecidos para outras pezas análogas (Alves et al., 2002: 120), sería máis que suficiente para confeccionar a haste central do torques, a cal pesaría á volta de 137 gramos. Estes datos dannos unha idea bastante aproximada das implicacións económicas en termos de necesidades de materia prima bruta que se derivarían do feito de optar por unha elaboración laminar ou maciza dos terminais de un torques con idéntico feitío e dimensións, sempre que esa materia fose ouro, algo escaso, precioso e prezado. Porén, no caso do terminal LU-23, estamos convencidos de que a ánima interior maciza, para aforrar ouro, sería de outro metal, posibelmente prata, bronce ou cobre, pero non ferro, pois ao contacto superficial con un imán non amosa ningunha reacción magnética.

Chegados a este punto, convén lembrar a inexactitude de algunhas hipóteses planteadas por certos autores que teñen suxerido o feito de que «*se puede observar la tendencia a*

hacer los terminales macizos, de cualquier tipo, de un tamaño más reducido que sus equivalentes huecos» (Perea, 2003: 143), tendencia que, como podemos comprobar co remate LU-23 e cos paralelos que vimos de citar, non sempre se cumpre. O que si é aceptado pola maioría dos investigadores é o feito de que as formas ocas nos terminais apontarían a unha confección dos mesmos en datas serodias da Cultura Castrexa, xa próximas ao influxo romanizador (cfr., entre outros, López Cuevillas, 1951: 108; Castro, 1990: 172; García, 2002: 42).

Outra cuestión de interese en relación coa valoración consciente do aspecto áureo exterior de moitos dos torques castrexos e da especial significación da importancia simbólica eventualmente concedida ás

diferentes variedades formais dos tipos de remates coñecidos sería a comprobación empírica dos contrastes de pureza metálica que se poderían dar entre os terminais e as varelas de algúns exemplares. En certos casos –non en todos– contamos con información suficiente como para poder afirmar que o ourive investiu un maior esforzo económico, técnico e material na diferenciación cualitativa e mesmo cuantitativa entre os remates e o corpo principal de un mesmo torques, aprezándose claramente unha maior porcentaxe relativa ou pureza do ouro empregado na confección dos terminais (García, 2007: 94, táboa 2 e táboas das páxinas 125, 129, 159, 163, 167, 171 e 175; García e Montero, 2007: 102, táboa 2 e 109, táboa 3).

Finalmente, verbo do terminal LU-23 convén destacar o feito de que o disco exterior carece de decoración, aspecto éste –o ornamental– moi frecuente nos remates duploescócicos de algúns torques asturianos coma os da colección Soto Cortés ou nos portugueses vencellados á denominada *escuela flaviense*. Para o caso que nos ocupa, no peche distal observamos unha superficie lisa na que apenas chaman a atención certas manchas e algunha que outra rabuñadela accidental.


Pasemos agora ao terminal RO-91. Como xa sinalamos anteriormente, este remate áureo, de feitío piriforme e natureza laminar amosa no seu estado actual unha serie de elementos que nunca antes tiñan concorrido de maneira simultánea nunha mesma peza. En primeiro lugar, aprezaos un corpo estraño, de cor violácea-cincenta e natureza porosa que semella estar «incrustado» na embocadura proximal. A continuación, obsérvase perfectamente a presenza de unha perforación circular pasante que atravesa desde o exterior cara ao interior a parede globular do remate, perto da zona onde se supón que iría embutida a haste ou varela que conformaría o corpo principal do torques. Seguidamente, chama poderosamente a nosa atención un *goterón* ou corrimento a xeito de pinga que ficou solidificado por arrefecimento perto da embocadura, seguindo unha orientación vertical descendente, desde a boca cara abaixo, por cima da lámina que define o feitío da periña. Finalmente, na parte central do corpo globular do remate aprézase con nitidez un *descunchado* irregular, de perfil tendencialmente subcircular, con ausencia ou perda parcial da lámina, impedindo o peche perfecto e completo que sería de agardar na periña.



Recreación hipotética da forma orixinal completa do torques LU-23

Entendemos que, na súa aparencia actual, o terminal RO-91 constitúe unha clara amostra do que tería sido un proceso de elaboración que fracasou por varias razóns, deixando á vista as pegadas evidentes deste insuceso. Cada un dos elementos que acabamos de describir conleva unha serie de implicacións tecnolóxicas que nos poden axudar en grande medida a comprender un pouco mellor varios pormenores da cadea operativa posta en escena, aínda que sexa tan só de xeito hipotético.


O perfil xeral do *descunchado* parietal non convida a pensar nunha fractura mecanicamente intencionada por impacto ou recorte, senón que os suaves e moi delgados rebordes perimetrais semellan estar a indicar que o metal nunca chegou a cubrir esta parte da periña. Verbo deste particular, agradecemos as observacións de Marcos Martín, quen nos suxeriu a posibilidade de estarmos perante un erro de fundición no valeirado da *colada* sobre un molde á cera perdida, no que o desprazamento accidental do núcleo de arxila cara a un lateral do mesmo tería impedido co seu contacto físico que o metal chegara a recubrilo por



Pormenor do disco exterior do remate LU-23.



Pormenor do remate RO-91.




Pormenor do remate RO-91.

completo. Eventualmente, incluso se podería ter producido a fractura do molde durante o proceso de vaxado, provocando o desprazamento accidental e o consecuente arrastre de material que hoxe observamos no destacado *goterón* proximal.

A perforación pasante é un detalle xa observado en moitos outros terminais ocós, respondendo á necesidade técnica de dispor dun *aliviadoiro* que permitira evacuar os gases e as altas presións que se derivan do proceso de unión por solda do terminal á varela do torques. As altas temperaturas que se precisan para fundir o material soldante provocan un incremento da presión interior do ar contido no interior do remate. Se non se habilitase este *respiradoiro* o terminal terminaría por ceder perante estas presións, rebentando e malogrando a operación.

Relativamente ao corpo incrustado na embocadura do remate, se cadra estamos fronte aos restos parciais do núcleo de arxila que tería servido de modelo formal ou prototipo para a elaboración da periña. Insistimos no feito de que non se teñen practicado análíticas de nengunha caste a estes terminais, nen lecturas microtopográficas válidas con aparellos axeitados, co cal tan só podemos manifestar hipoteticamente que a aparencia porosa e posibelmente non metálica deste estraño corpo podería indicar que nos atopamos perante os restos parciais do devandito núcleo de arxila. Queremos facer unha última observación que consideramos de grande interese verbo da natureza material deste corpo estraño: unha ollada atenta pon de relevo o feito de que semella amosar un perfil tendencialmente subcircular, con diferenciación de dúas camadas superpostas: unha exterior, máis brillante e con reflexos dourados, e outra interior, máis porosa e cincenta. Se cadra poderían corresponder respectivamente á *colada* metálica e ao núcleo interior de arxila. Enfin, sexa



Pormenor do remate LU-23 observado con lente binocular. 1: Chapado – Lámina exterior de ouro. 2: Malaquita – Carbonato de cobre (?). 3: Cuprita – Óxido de cobre (?)

como for, a realización de analíticas que veñan a confirmar ou a desbotar estas posibilidades amósase como unha clara necesidade para podermos resolver estes interrogantes.

APONTAMENTOS CRONOLÓXICOS

En relación coas diversas datacións propostas para as variadas manifestacións da ourivaría castrexa, a ninguén se lle oculta que a cronoloxía continúa a ser hoxe en día unha das cuestións máis debatidas polos especialistas. No caso dos torques contamos con un marco xenérico de adscrición cronocultural que procura adaptarse á secuencia 1.- Bronce Final, 2.- Ferro I, 3.- Ferro II en función de diversos parámetros tecnolóxicos e formais dominantes (Silva, 1986; García, 2002), a saber:

1. Exemplares macizos e pesados, elaborados en unha soa peza, con ouro de grande pureza, de sección subcircular, sen terminais destacados, frecuentemente decorados a base de motivos incisos de tipo xeométrico;
2. Exemplares macizos, máis lixeiros que os anteriores, con seccións predominantemente cadrangulares e terminais ensanchados en relación ao corpo principal, sen recurso á soldadura como técnica de unión;
3. Exemplares compostos por varios elementos diferenciados –normalmente un corpo principal anular e senllos terminais volumétricos, ocos ou macizos, nos cabos– soldados entre si e con eventual recurso á decoración por medio de técnicas de orixe mediterránea, como a filigrana e o granulado.

Os torques castrexos que a maior parte dos investigadores consideran como *produccións clásicas* da Segunda Idade do Ferro serían os que incluírían –entre outros tipos coñecidos

aínda que menos frecuentes— os remates en dupla escocia e os terminais piriformes, que son os que corresponden ás dúas pezas que damos a coñecer neste traballo.

Relativamente aos remates duploescócicos, algúns autores teñen tentado apurar unha secuencia tecnolóxica con eventuais implicacións cronolóxicas ao longo da Idade do Ferro, a cal se vería reflectida en tres concepcións diferenciadas na maneira de xunguir os terminais ao corpo principal. Estas solucións tecnolóxicas, aparecidas sucesivamente no tempo, seguirían de maior a menor antigüidade esta orde: unión por fusión ou vaciado adicional, unión por soldadura practicada nun oco da parte proximal do remate macizo practicado a efectos de recibir o embutido parcial do cabo da haste e unión por solda dun terminal oco a un corpo principal ou varela normalmente maciza. Estas tres concepcións poderíanse contrastar arqueoloxicamente nos torques de Astorga, A Madorra e Marzán, respectivamente (Armbruster e Perea, 2000: 112).

Outros investigadores tamén defenden para os torques de remates duploescócicos unha datación xenericamente inserida na Segunda Idade do Ferro (Alves et al., 2002: 115) ou, máis concretamente, á volta dos séculos V – II a.n.e. (Silva, 1986), cando non entre as centurias V e IV a.n.e. (Balseiro, 2004: 46-47). Porén, na peza LU-23 aprézase a concorrencia da técnica de revestimento exterior coñecida como *chapado* ou aplicación de láminas de ouro sobre unha ánima interior de outro metal oculto –normalmente bronce ou prata– o cal, segundo a opinión de algúns autores, aconsellaría rebaixar a súa datación a momentos serodios ou próximos á romanización, é dicir, aos séculos II a.n.e. – I d.n.e (López Cuevillas, 1951: 108; Castro, 1990: 172).

CONCLUSIÓNS

Con este traballo vimos de dar a coñecer dous novos terminais correspondentes a senllos torques de ouro que permanecían inéditos. Infelizmente, nada sabemos do seu contexto deposicional orixinal e a identificación concreta dos lugares onde se produciron os achados resulta tremendamente problemática. Algunhas fontes sen confirmar apontan ás viciñanzas ou mesmo ao interior dun castro da zona de Lánacara –no oriente da provincia lucense– como o local de aparición do remate LU-23, mentres outras sinalan o castro lalinense de Palio –na comarca pontevedresa do Deza– como eventual localización orixinal do terminal RO-91. A prudencia aconsella gardar moitas reservas encol destas supostas procedencias xeográficas, pois nada se pode afirmar con un mínimo de garantías.

Perante a eiva que supón a ausencia documentada para estes elementos dun contexto deposicional de recuperación cientificamente controlado, vémonos obrigados a limitar o noso estudo aos aspectos formais e materiais destas pezas. As excepcionais características de ambos terminais plantean numerosas dúbidas e posibilidades sobre a cadea técnica operativa que interviu no seu proceso de elaboración orixinal. Aínda carecendo de analíticas químicas multielementares e de observacións microtopográficas con aparellos axeitados, coidamos que son moitas as hipóteses que se poden plantear sobre o xeito e maneira en que ambos remates foron elaborados no seu día. Así o expuxemos e así ficou reflectido, á espera de que os trámites e permisos correspondentes nos permitan levar a cabo as analíticas pertinentes para comprobar, matizar ou rexeitar as interpretacións necesariamente provisionais que vimos de expor.

Nos últimos dez anos temos dado a coñecer en diversas publicacións case que trinta novos torques castrexos (Ladra, 1997-98, 1999a, 2001, 2003, 2004, 2005a e 2006), sen descoidar os contributos puntuais vencellados coa análise ponderal, cronolóxica,

contextual e territorial dos mesmos (Ladra, 1999b, 2000, 2002 e 2005b). Somos conscientes de que o inventario de exemplares actualmente coñecidos sobrepasa os dous centenares de individuos, de que a tradición historiográfica do seu estudo conta xa con máis dun século de existencia e de que, malia ao extraordinario espallamento deste tipo de pezas por múltiples museos nacionais e estranxeiros, o seu estudo de conxunto non se debería demorar demasiado. Facemos votos para que así sexa.

BIBLIOGRAFIA

- ALVES, Luis Cerqueira; ARAÚJO, Maria de Fátima e SOARES, António M. Monge (2002), «Estudo de um torques proveniente do noroeste peninsular – aplicação de métodos instrumentais de análise química não destrutivos», *O Arqueólogo Português*, Série IV, 20: 115-134.
- ARMBRUSTER, Barbara e PEREA, Alicia (2000), «Macizo/hueco, soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia», *Trabajos de Prehistoria*, 57 (1): 97-114.
- BALSEIRO, Aurelia (1994), *El oro prerromano de la provincia de Lugo*. Lugo: Deputación Provincial.
- (1999): «Problemática del estudio de la orfebrería del noroeste peninsular», en Rodrigo de Balbín e Primitiva Bueno (Eds.), *II Congreso de Arqueología Peninsular. Tomo III – Primer Milenio y Metodología*. Madrid: Universidad de Alcalá – Fundación Rei Afonso Henriques: 19-23.
- CASTRO, Ladislao (1990), *Os torques prehistóricos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia, 5).
- COSTEA, Antonio Martín; GABALDÓN, Araceli; ANTELO, Tomás e VEGA, Carmen (2005), «Aspectos constructivos de algunos torques españoles determinados mediante análisis radiográfico», en Octavio Puche e Mariano Ayarzagüena (Eds.), *Minería y metalurgia históricas en el sudeste europeo*. Madrid: Sociedad Española para la Defensa del Patrimonio Geológico y Minero – Sociedad Española de Historia de la Arqueología: 155-161.
- GARCÍA, Oscar (2002), «Técnicas y evolución. Fabricación y materias primas en los torques», en VV. AA., *Torques, belleza y poder*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte: 31-45.
- (2007), *Orfebrería castreña en el Museo Arqueológico Nacional*. Madrid: Ministerio de Cultura.
- GARCÍA, Oscar e MONTERO, Ignacio (2007), «Aportaciones analíticas sobre orfebrería castreña: problemas de caracterización en piezas de la colección del Museo Arqueológico Nacional (Madrid)», *Conimbriga*, 46: 89-115.
- GONZÁLEZ RUIBAL, Alfredo (2006-07), *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a. C. – 50 d. C.)*. A Coruña: Museo Arqueológico e Histórico Castelo de San Antón [*Brigantium* 18-19].
- LADRA, Lois (1997-98), «Ouros no desterro: notas encol de dous conxuntos inéditos de ourivesaría castrexa actualmente depositados no M.A.N.», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, VIII (1): 45-78.
- (1999a), «Algunhas consideracións sobre un fragmento de torques inédito recentemente aparecido no Castro de Troña», *Castrelos*, 12: 67-80.

- (1999b), «Análisis ponderal de los torques castreños», *Complutum*, 10: 143-156.
- (2000), «Estudo ponderal preliminar dos torques áureos castrejos», *Actas do Congreso Internacional de Proto-História Europea – Centenário Francisco Martins Sarmento*, vol. 2, pp 587-602. Guimarães, Ed. Sociedade Martins Sarmento.
- (2001), «Os torques de prata da Cividade de Bagunte», *Estudos Pré-históricos*, IX: 111-122.
- (2002), «Achea ao estudo contextual da ourivería castrexa», *Gallaecia*, 21: 177-191.
- (2003), «Sobre un novo torques recentemente adquirido polo Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón», *Brigantium*, 14: 109-115.
- (2004), «Os torques do castro de Xanceda (Mesía, A Coruña)», *Anuario Brigantino*, 27: 91-116.
- (2005a), «Dous novos torques achados en Vilar do Monte (San Fiz de Reimóndez, Sarria, Lugo)», *Anuario Brigantino*, 28: 27-38.
- (2005b), «Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO. peninsular», *Actas del Encuentro de Jóvenes Investigadores sobre Bronce Final y Hierro en la Península Ibérica*, pp. 94-110. Salamanca, Ed. Fundación Duques de Soria – Universidad de Salamanca (CD-ROM).
- (2006), «Un novo torques achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña)», *Anuario Brigantino*, 29: 39-52.
- LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino Alonso (1951), *Las joyas castreñas*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- PEREA, Alicia (2003): «Los torques castreños en perspectiva», *Brigantium*, 14: 139-149.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, Bieito (1990), «Achea tipolóxica para o estudo dos torques áureos do NW», *Gallaecia*, 12: 139-151.
- PRIETO, Susana (1996), «Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica», *Complutum*, 7: 195-223.
- SILVA, Armando Coelho Ferreira da (1986), *A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira: Câmara Municipal de Paços de Ferreira – Museu Arqueolóxico da Citânia de Sanfins.
- SOARES, António M. Monge; ARAÚJO, Maria de Fátima e ALVES, Luís Cerqueira (2004), «Análise química não destrutiva de artefactos em ouro pré e proto-históricos: algúns exemplos», *Revista Portuguesa de Arqueologia*, 7 (2): 125-138.

AGRADECIMENTOS

Quero expresar publicamente a miña gratitude a todos os traballadores do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga polas facilidades dadas para o estudo destas pezas, e de xeito especial a Marta Cancio, quen se ofreceu amabelmente a tomar e ceder desinteresadamente algunhas das fotografías que aparecen neste traballo. Asemade, Xulia Vidal xogou un papel moi importante na composición gráfica dos materiais que ilustran o artigo e Alfredo Erias na súa maquetación final. Marcos Martínón, colega de profesión, amigo e compañeiro de vellas andanzas, tivo a deferencia de ler o manuscrito orixinal e fíxome chegar desde a lonxanía londinense unha serie de consideracións teóricas que estimularon e enriqueceron considerabelmente a redacción destas liñas, con importantes suxestións arqueometalúrxicas e paleotecnolóxicas. Calquer erro ou omisión nos contidos necesariamente provisionais deste traballo preliminar é fruto exclusivo do meu caletre.